

# REUNIÓN

DIRECCIÓN-COMITÉ 10/12/08

Benvidos compañeiros/as, por entender importante as materias que se trataron nesta reunión celebrada nas vísperas de vacacións, damos esta información unha vez que nos incorporamos toda plantilla.

**Conciliación familiar.-** Si ben figuraba na orde do día a aprobación do novo documento de conciliación laboral-familiar, elaborado por unha comisión formada polos sindicatos asinantes do convenio, o Comité nunha reunión previa, acordou pospoñer o seu debate para volta de vacacións. A **C.I.G.** o analizará e dará a súa posición.

**Persoal horario profesional.-** A Dirección aínda non ten finalizado o *documento base*, onde recollerá unha exposición de motivos e fórmula de aplicación.

A **C.I.G.**, puntualiza que si ben a día de hoxe non contamos co documento:

1)¿como na práctica estase a proceder a cambios neste colectivo?

2)¿a que se debe que nestes días estéanse dando ascensos meteóricos de varios escalos?

3)¿tan grande foi o despiste?. Por elo, pedimos:

**a.-** parálícese estes movementos, namentres non se discuta sobre a letra do documento.

**b.-** de acadarse un acordo, sempre sería dentro do marco de medidas conxunturais derivadas do momento produtivo actual.

**c.-** sería necesario saber o número de persoas afectadas por UEPs.

**d.-** que se faciliten por escrito as novas funcións a realizar

**e.-** no caso dos profesionais de mantemento, recuperar traballos que na actualidade están esternalizados.

**Formación.-** Fáísenos entrega da documentación do Plano de Formación para o 2009. Unha vez analizado daremos a nosa valoración, cando o Comité se reúna para dar unha postura.

**Prezos Comedor e Transporte.-** A Dirección infórmanos da suba dos prezos: . **Comedor** 0´41 Cts. +14´65% ; **Bocadillo** 0´10 Cts. +14´30%; **Transporte** 0´06 Cts., neste caso alegan que é o IPC (+5%). Esperemos que na revisión salarial se teña en conta este IPC. Reiteran que estas subas elevadas, para “converxer” con outros Centros. Razoamento que a **C.I.G.** comparte, pero co matiz de que sexan eles quenes converxan con nos. A Dirección comenta que esa petición hai que darlle traslado o Comité Europeo.

**Varios.-** Producción: os coches que estaban previstos facer a mais neste mes nas quendas de día, faranse na da noite, representando unha carga de traballo de 5´15 hrs. de media. Isto ven a demostrar dúas cousas, **A)** que o reequilibrio entre quendas tal como sempre vimos defendendo na **C.I.G.**, é posible. **B)** que o feito de cambiar este reparto para tanta xente e en 7 días, revela que cando un traballador/ o ten mal confeccionado, non ten porque esperar o seguinte período.

Confederación Intersindical Galega